

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LATÍN (4º ESO)

CURSO 2022-2023

IES. RAMÓN CAAMAÑO

Muxía

ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN:

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis.
3. Obxectivos
4. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel
 - 5.1. Temporalización.
 - 5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.
6. Plan de reforzo específico
7. Concrecións metodolóxicas que require a materia
8. Materiais e recursos didácticos que se van empregar.
9. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
11. Organización das actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes.
12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.
13. Actividades complementarias e extraescolares programadas.
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O alumnado co que se implementará esta programación procede dun medio rural (das parroquias pertencentes ao concello de Muxía) e dun medio mariñeiro (os habitantes da propia vila de Muxía). Muxía ubícase na comarca fisterrá, e conta con pouco máis de 5000 habitantes entre a vila e as 14 parroquias. O IES conta con alumnos e alumnas que estudaron a Primaria en dous centros distintos, ámbolos dous ubicados no mesmo concello: o CEIP dos Muíños e o CEIP Eduardo Noya de Vilarmide. O nivel socio cultural das familias é un nivel medio-baixo.

O centro dispón de dous corpos de edificio con cada un tres plantas: na planta baixa áchanse os despachos da dirección, a biblioteca, a conserxería, a sala de profesores, a aula de Plástica e a cafetería; as demais aulas (incluída a sala de informática, a aula de Música, o taller e o laboratorio) están no primeiro andar e os departamentos didácticos no segundo. Este curso académico 22/23 conta coa novidade da implementación das Aulas Materia. Todas estas aulas materias están dotadas de ordenadores e pantallas dixitais. O centro dispón de ascensor.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a

consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo .

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando **a competencia clave de aprender a aprender**.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Os estándares de aprendizaxe aparecen reflectidos no cadro:

BLOQUES DE CONTIDOS.

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos.

Bloque 3. Morfoloxía.

Bloque 4. Sintaxe.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización.

Bloque 6. Textos.

Bloque 7. Léxico.

3. OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana

da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona .

4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances				
f ñ o	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CAA CD
				CSC

e ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CMCCT
l ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD
l ñ o	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD
f	B1.4. Palabras patrimoniais,	B1.5. Distinguir e identificar	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia	CCL

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ o	cultismos e semicultismos.	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	CAA
b ñ o	B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza 7 compoñentes de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL CAA

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos				
e	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	CD CCEC
e	B2.2. Orixes do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais composicións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA CD
h	B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
b	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL
e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL

e	B3.3. Concepto de declinación e conjugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conjugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conjugación.	CAA
b				CCL
b	B3.4. Flexión nominal e	B3.4. Coñecer as declinacións,	LAB3.4.1. Enuncia	CD

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e	pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	Encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	Correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CCL
			LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL CAA
b	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	CAA CCL
e			LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que 9omponen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	CCL CAA
e	B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro	CAA CCL
b				
h				

ñ o			imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	
			LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CD CCL
			LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	CAA CCL
			LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL
Bloque 4. Sintaxe				

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as 10viend das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e 10vienda10amente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as 10viend na oración.	CMCCT
h	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais 10viend na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais 10viend que realizan dentro da oración.	CAA CCL

			LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina 11vienda frases, onde practica o seu uso.	CCL
e	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina 11vienda frases, onde practica o seu uso.	CCL
b	B4.4. Oración simple: 11viend atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de 11viend simples, e identifica as súas características.	CMCCT CCA CCL
e	B4.5. Oración composta: 11viend coordinadas.	B4.5. Distinguir as 11viend simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de 11viend compostas, e diferénciaas das 11viend simples.	CAA CMCCT CCL
h	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización				
a	B5.1. Períodos da historia	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma,	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos	CSC
Latín. 4º de ESO				

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f e ñ	de Roma.	Encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	Esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de 12ivi a 12ivie.	CSIEE CD
			LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA CCEC CSC
			LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD CAA CMCCT
			LAB5.1.4. Describe 12ivie dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	CSC CCEC CCL
a ñ	B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC CCL
			LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos 12iviend.	CSIEE CSC CCEC CCL
c ñ	B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus	CSC CCEC CCL

		membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos 13iviend.	
--	--	---	--

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
l n	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e 13ivien da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e 13ivien da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece 13ivienda entre os deuses máis importantes.	CCEC
				CCL
				CD
§ n § ñ	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e 13ivien latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os 13ivien 13ivienda e os 13iviend.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do 13ivie na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA
				CCEC
				CD
m	B5.5. Vida cotiá: 13ivienda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de 13ivienda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de 13ivienda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	CD
				CCEC
				CSC
d e ñ	B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os	CCL
				CSIEE
				CAA

			circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CMCCT CCEC
Bloque 6. Textos				
h	B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	§ CCL § CAA
d	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas	CCL

Latín. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o			con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CAA
h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL CAA

l f	B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC CCL
			LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CD CCL
b	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL
g	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL
Bloque 7. Léxico				
h ñ o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL
			LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA
b ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL

I	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir	CCL
	Latín. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ			desta o seu significado.	
o				
e	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD
b				CSC
				CCEC
				CCL

5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

5.1. Temporalización

Programación trimestral

PRIMEIRA AVALIACIÓN (unidades I a III) (20 sesións)

UNIDADE I (5 sesións) : A lingua latina.

UNIDADE II (5 sesións): Roma, cidade eterna.

UNIDADE III (10 sesións): A historia de Roma.

SEGUNDA AVALIACIÓN (unidades IV a VI) (52 sesións)

UNIDADE IV (20 sesións): Hispania, una provincia romana.

UNIDADE V (10 sesións): As clases sociais.

UNIDADE VI (22 sesións): A organización política.

TERCEIRA AVALIACIÓN (unidades VII a IX) (20 sesións)

UNIDADE VII (5 sesións): O exército.

UNIDADE VIII(5 sesións): A relixión, o ocio e o tempo libre.

UNIDADE IX (10 sesións): A familia e a educación.

5.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances

LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao galego aplicando as regras fonéticas de evolución.

LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.

LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.

LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.

LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.

LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.

LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.

LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.

LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

5.3 Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación non debe limitarse á realización de exames como único procedemento. Ademais das probas obxectivas, o alumno será cualificado mediante a revisión dos deberes, a realización de tarefas ou proxectos individuais ou grupais, as súas intervencións na aula e a observación directa durante as clases.

Os instrumentos tamén serán variados: fichas, tarefas finais, caderno do alumno, cuestionarios e probas orais ou escritas, escalas de observación, etc. para os que usaremos diferentes cuestionarios e rúbricas que integrarán descritores claros tanto dos estándares de aprendizaxe como das competencias clave implicados. O seu grado de adquisición/ consecución poderá ser cualificado segundo unha escala numérica (cuantitativa) ou cualitativa en función do instrumento usado.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación directa	- Escala de observación no <u>caderno do profesor</u> (traballo diario, material, participación e interese, respecto polo proceso de aprendizaxe,...) - Rúbrica de revisión do caderno do alumno.
Revisión de tarefas/proxectos	- Rúbricas de avaliación das tarefas escritas (individuais/grupais) - Rúbricas de avaliación das tarefas orais (individuais/grupais) - Control do caderno do alumno.
Realización de probas formais	- Tests/ cuestionarios/ probas orais ou escritos. - Rúbricas de avaliación da expresión oral e escrita.

6. PLANS DE REFORZO ESPECÍFICO

Este é o terceiro curso escolar despois daquel confinamento que mantivo á comunidade educativa de medio mundo nunha situación de teledocencia que non dominabamos. As consecuencias no nivel académico do alumnado fixéronse notar, e por moito que traballamos contra vento e marea no curso anterior, algunhas lagoas seguen a existir, nuns grupos máis ca noutros. Con todo, o alumnado que actualmente se atopa en latín 4º ESO non se ve afectado porque nunca antes cursara esta materia.

7 .CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A presentación dunha nova lingua como o latín precisa de constantes referencias ás dúas linguas oficiais na comunidade autónoma. Os referentes serán o galego e o castelán a todos os niveis: fónico, morfosintáctico e léxico-semántico. Insistimos sobre a aprendizaxe en espirais sucesivas. A integración dos coñecementos en espirais regulares permite unha mellora rápida e segura da aprendizaxe. Ademais, alternamos momentos de repaso global e momentos de aprendizaxe nova, que se integra naturalmente no conxunto anterior.

Por outra banda, prevemos exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os diversos niveis de funcionamento da lingua latina, sobre a gramática, a fonética, a tradución, etc. Tamén abordaremos aspectos culturais, históricos, artísticos e mitolóxicos relacionados coa materia.

8.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN EMPREGAR.

Empregarase principalmente o libro de texto da Editorial Anaya 4º ESO, o seu dicionario, o encerado dixital, páxinas web como <http://www.luduslitterarius.net/>, <http://www.verbix.com/>, <http://alerce.pntic.mec.es/>, almacendeclasicas.blogspot.com .

9.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Contidos mínimos esixidos para aprobar a materia de latín

- 1ª, 2ª ,3ª, 4ª e 5ª declinacións
- Verbo Sum.
- Adxectivos en grao positivo.
- Conxugacións verbais en voz activa.
- Vocabulario das leccións da 1 á 9.
- Voz activa: tempos de presente e perfecto.
- Graos do adxectivo: comparativo..
- Pronomes personais.
- Pronomes demostrativos.
- Pronome relativos.

Criterios de cualificación e promoción

A nota de cada trimestre outorgarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

1. Nota do(s) exame(s): **50%**

- 40% exames escritos (gramatico-lingüísticos)
- 10% exames tipo test de aspectos culturais, históricos, mitolóxicos, etc de contidos visto en clase.

2. Exercicios e traballos, escritos u orais: **30%**

3. Predisposición de cara a materia, participación e o caderno de clase): **10%**

4. Traballo diario: **10%**

Realizarase como mínimo unha proba por trimestre, podendo chegar a facer unha por cada unidade didáctica. En cada trimestre utilizaranse os procedementos e instrumentos necesarios para avaliar os distintos bloques de estándares. Chegada a avaliación, e de non ter notas para cada un dos conceptos de cada bloque, reaxustaranse as porcentaxes de xeito que se respecten os pesos anteriores. A avaliación será positiva cando se obteña unha nota superior a 4,5. Dada o carácter acumulativo da materia, en principio non se contemplan exames de recuperación trimestral pero queda suxeito ao criterio do profesor. En todo caso, para os alumnos que vaian amosando dificultades na asimilación dos contidos poremos en práctica unha estratexia de atención personalizada, sempre en contacto cos tutores, para poder axudalos a alcanzar as capacidades mínimas: encargámoslles exercicios concretos para insistir nos aspectos nos que sufran máis atrancos, incluíndo ademais a dispoñibilidade para asesoralos mediante a asistencia nos recreos. Con todo, a realización de exames de recuperación quedará baixo o criterio do docente.

A nota final resultará da media aritmética dos 3 trimestres.

Procedemento para o desenvolvemento do ensino-aprendizaxe dende a terceira avaliación ata a avaliación final

A partir da terceira avaliación, de acordo coa *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza*, dedicaremos as últimas sesións do curso a dous tipos de actividades:

a) Actividades de ampliación e reforzo (xogos, visionado de series, películas ou curtametraxes, traballos de investigación, tarefas, etc) para o alumnado que non acade unha nota $\geq 4,5$, e podendo subir ou baixar a nota acadada ata 0,5 máis (ou 0,5 menos) polo traballo e esforzo desenvolvido (ou falta deste).

b) Actividades de repaso para o alumnado que por dita fórmula non acade o mencionado 4,5. Dado que este terá que someterse a unha proba final para avaliar os principais estándares de aprendizaxe traballados durante o curso, o departamento ofrecerá o asesoramento e apoio necesarios non só no que á organización do proceso de aprendizaxe se refire, senón na achega de material complementario e na resolución de dúbidas sobre os contidos e obxectivos obxecto da avaliación.

Outras consideracións

a) Copiado en exames:

No caso de comprobar que o alumno copiou ou está a copiar nun exame, procederemos de dúas formas diferentes segundo sexa o caso:

- Se o alumno é descuberto ó comezo da proba, cualificaremos cun 0 as preguntas respondidas, requisaremos a “axuda” e o alumno poderá continuar. Daremos conta do incidente nunha marxe, o alumno terá que asinalo e informaremos ao seu titor e aos seus titores ou responsables legais.
- Se o alumno é descuberto xa avanzada a proba, esta será anulada e o alumno terá que repetila na data acordada co profesor. Daremos conta do incidente nunha marxe, o alumno terá que asinalo e informaremos ao seu titor e aos seus titores ou responsables legais.

b) Plaxios:

Calquera traballo no que se detecten indicios de plaxio (copia-pegar) ou de uso dun tradutor para a produción de textos será cualificado cun cero na parte tocante a contidos. Para iso contemplamos:

- O uso de programas como *Quetex*, *Google Scholar*, etc. para probar o plaxio.
- A realización dunha proba oral ou escrita de tradución para comprobar o uso do tradutor cando na produción escrita dun alumno atopemos evidencias do seu uso, como poden ser: emprego de estruturas, xiros ou tempos verbais non traballados anteriormente e afastados do nivel real do alumno.

c) Asistencia a exames:

No caso de non asistir a algunha proba avaliable o alumno terá que poñerse en contacto co seu profesor a través da mensaxería electrónica ese mesmo día ou presencialmente o día mesmo da súa incorporación ó Centro para aportar un xustificante válido da súa falta e acordar unha data para a proba. De non facelo así ou de non ser válido o xustificante, a proba será cualificada negativamente.

Entendemos como válidos: a palabra do titor legal (por escrito) de que o alumno se atopaba fisicamente incapacitado para asistir ó exame, o xustificante médico que indique esta imposibilidade (non se aceptarán revisións rutineiras do médico de familia por ser estas facilmente reprogramables), xustificantes de especialistas, certificados de hospitalización/defunción de familiares directos, comprobante do cumprimento de deberes inescusables e similares. No caso de faltas reiteradas ás probas (da nosa ou doutras materias) por “razóns” non xustificadas documentalmente, só se aceptarán xustificantes e certificados oficiais.

Prazos de entrega de traballos:

Co obxectivo de que o alumno comprenda a importancia da organización e os prazos, non se recollerá ningunha tarefa ou traballo entregados fóra de prazo a non ser que conte cun certificado válido, tal e como o explicamos no punto anterior.

No caso de dispoñer deste xustificante, o alumno terá que entregar o traballo e o devandito documento xustificativo o día da súa incorporación ó Centro, independentemente de que teña ou non clase de Francés. De non estar presente o profesor, entregárase na sala de profesores, en Dirección ou na Conserxería.

10.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación con los alumnos. Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar:

1. Os alumnos traballan da seguinte maneira

De forma individual En pequeno grupo Por parellas

2.Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:

- Cerrados e ríxidos (do libro) - Abertos, procedimentais, proxectos .
- Facilitan o traballo cooperativo 3.

3.Na metodoloxía que aplico:

- Utilizo ferramentas TIC.
- Facilito o aprendizaxe autónomo.
- Baséome nas explicacións teóricas do libro.

4. Como paso as horas lectivas?

- Poñendo silencio.
- Impartindo teoría e explicacións .

- Guiando aos alumnos no seu traballo.
- Observando .
- Corrixindo.

11.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Ao impartirse a materia exclusivamente no nivel de 4º da ESO non existe alumnado con esta materia pendente.

12. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Procederase a avaliar traballando e analizando os aspectos sintácticos básicos do galego e castelán coa identificación das funcións primarias, formación de palabras, análise morfolóxica por segmentación de verbos e substantivos. Identificación de palabras patrimoniais ,cultas e semicultas. Evolución fonética de palabras galegas e castelás.

13.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nesta materia non adoita haber alumnado con necesidades especiais polo que non é preciso facer constar estas medidas.

14.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Dende a materia de latín tentaremos levar a cabo as seguintes:

- *Visionado dun film en Sala de cines*
- *Roteiro turístico*
- *Obra de teatro ou representación artística*
- *Visita a museos*

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A) Unha avaliación de progreso:

1. Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.
2. Valorarase tal axuste e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:

1. Prestarase moita atención á porcentaxe de alumn@s que, na súa avaliación final, queden co latín sen aprobar.
2. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

A materia de Latín de 4º ESO está sendo impartida por profesorado do Dpto. de Francés.

Profesora: Silvana Cobas Iglesias



Muxía, a 19 de setembro de 2022